

AXUDAS Á INVESTIGACIÓN

Agencia Estatal de Investigación

Programa: Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empleabilidade en I+D+i

Modalidade: Axudas para contratos de Persoal Técnico de Apoio (PTA) 2020

Prazos presentación de solicitudes:

Persoas participantes: **21/01/2021-04/02/2021 14:00** (hora peninsular española)

Centros de I+D: **21/01/2021-11/02/2021 14:00** (hora peninsular española)

DESCRICIÓN:

As axudas para **Persoal Técnico de Apoio** teñen como obxectivo incentivar a contratación de persoal técnico de apoio en organismos de investigación e van destinadas a dar soporte no manexo de equipos, instalacións e demais infraestructuras de I+D+i co fin de incrementar e mellorar as prestacións e rendemento das infraestructuras científico-tecnolóxicas.

A titulación que se require é licenciado, inxeniero, arquitecto, graduado, diplomado, inxeniero técnico, arquitecto técnico ou técnico superior no marco da formación profesional do sistema educativo.

As solicitudes de participación preséntanas os centros de I+D incluíndo nelas áos técnicos candidatos. A selección fundaméntase nun proceso de concorrencia competitiva, sendo, os criterios de avaliación das solicitudes os seguintes: 1) Impacto sobre a actividade científica do equipamento (valoración entre 0-50 puntos); 2) Traxectoria académica ou profesional do candidato/a (valoración entre 0-30 puntos) e 3) Relevancia das actividades dos servizos de I+D prestados pola entidade (valoración entre 0-20 puntos).

BENEFICIARIOS:

- Organismos públicos de investigación definidos no artigo 47 da Lei 14/2011, de 1 de xuño.
- Universidades públicas, os seus institutos universitarios, e universidades privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D+i, de acordo co previsto na Lei Orgánica 6/200, de 21 de decembro, inscritas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, creado polo Real Decreto 1509/2008, de 12 de setembro.
- Outros centros públicos de I+D. Organismos públicos e centros con personalidade xurídica propia dependentes ou vencellados á Administración Xeral do Estado, e os dependentes ou vencellados ás administracións públicas territoriais e os seus organismos, ou participados maioritariamente polo sector público, calquera que sexa a súa forma xurídica, que realicen actividades de I+D e xeren coñecemento científico ou tecnolóxico.
- Entidades e Institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co Sistema Nacional de Saúde que desenvolvan actividade investigadora.
- Entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades de I+D e xeren coñecemento científico ou tecnolóxico.
- Centros Tecnolóxicos de ámbito estatal que estean inscritos, na data de presentación da solicitude, no rexistro de centros creado polo Real Decreto 2093/2008, de 19 de decembro.

AXUDAS Á INVESTIGACIÓN

Agencia Estatal de Investigación

Programa: Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empleabilidade en I+D+i

Modalidade: Axudas para contratos Juan de la Cierva-incorporación 2020

Prazos presentación de solicitudes:

Persoas participantes: **15/12/2020-19/01/2021 14:00** (hora peninsular española)

Centros de I+D: **15/12/2020-26/01/2021 14:00** (hora peninsular española)

DESCRICIÓN:

As axudas **Juan de la Cierva-incorporación** teñen como obxectivo fomentar a contratación laboral, por parte de organismos de investigación ou centros de I+D españois, de persoas con posesión do grao de doutor por un periodo de tres anos con obxecto de que afiancen as capacidades adquiridas durante a primeira etapa de formación postdoutoral.

As persoas participantes deben cumprir o requisito de ter obtido o grao de doutor entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2018 para a quenda de acceso xeral e para a quenda IJC-INIA-CCAA, e entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2018 para a quenda de acceso de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% excepto se acreditan unha causa de interrupción conforme á convocatoria.

As solicitudes de participación preséntanas os centros de I+D incluíndo nelas ás persoas participantes para a súa incorporación aos equipos de investigación. A selección fundaméntase nun proceso de concorrencia competitiva en base a os seus méritos curriculares e no historial científico-técnico do equipo de investigación no que se queren integrar, dando especial relevancia aos méritos relativos ao investigador ou investigadora tutor/a.

BENEFICIARIOS:

Organismos públicos de investigación definidos no artigo 47 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, Universidades públicas, os seus institutos universitarios, e universidades privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D+i, de acordo co previsto na Lei Orgánica 6/2001. Entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co Sistema Nacional de Salud. Institutos de investigación sanitaria acreditados conforme ao establecido no Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño. Centros Tecnolóxicos de ámbito estatal e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal que estean inscritos no rexistro de centros creado polo Real Decreto 2093/2008. Outros centros públicos de I+D con personalidade xurídica propia que teñan a I+D+i como actividade principal. Centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan a I+D+i como actividade principal. Centros de I+D aos que se refire a disposición adicional decimocuarta da Lei 14/2011, de 1 de xuño.

AXUDAS Á INVESTIGACIÓN

Agencia Estatal de Investigación

Programa: Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empleabilidade en I+D+i

Modalidade: Axudas para contratos Ramón y Cajal (RYC) 2020

Prazos presentación de solicitudes:

10/12/2020-21/01/2021 14:00 (hora peninsular española)

DESCRICIÓN:

Estas axudas **Ramón y Cajal (RYC)** van dirixidas a promover a incorporación de investigadores nacionais e extranxeiros con unha traxectoria destacada en centros de I+D mediante, por unha parte, a concesión de axudas para a súa contratación laboral e, por outra parte, a concesión de axudas para a creación de postos de traballo de carácter permanente para a súa posterior incorporación nos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación beneficiarios destas axudas.

Os candidatos deben cumprir o requisito de ser doutor e ter obtido ou doutorado entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2017 para a quenda de acceso xeral e para a quenda de investigadores RYC-INIA-CCAA, e entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2015 para a quenda de acceso de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% excepto se acreditan unha causa de interrupción conforme á convocatoria.

A selección fundaméntase nun riguroso proceso de concorrència competitiva dos candidatos en base a os seus méritos curriculares e en base a súa capacidade para liderar unha liña de investigación, en función da experiencia científica e profesional así como da independencia da súa traxectoria.

BENEFICIARIOS:

Organismos públicos de investigación definidos no artigo 47 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, Universidades públicas, os seus institutos universitarios, e universidades privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D+i, de acordo co previsto na Lei Orgánica 6/2001. Entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co Sistema Nacional de Salud. Institutos de investigación sanitaria acreditados conforme ao establecido no Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño. Centros Tecnolóxicos de ámbito estatal e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal que estean inscritos no rexistro de centros creado polo Real Decreto 2093/2008. Outros centros públicos de I+D con personalidade xurídica propia que teñan a I+D+i como actividade principal. Centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan a I+D+i como actividade principal. Centros de I+D aos que se refire a disposición adicional decimocuarta da Lei 14/2011, de 1 de xuño, e os centros das Comunidades Autónomas, participantes na Comisión Coordinadora de Investigación Agracia INIA-CC.AA.

AXUDAS Á INVESTIGACIÓN

Agencia Estatal de Investigación

Programa: Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empleabilidade en I+D+i

Modalidade: Axudas para contratos Juan de la Cierva-formación 2020

Prazos presentación de solicitudes:

Persoas participantes: **17/12/2020-21/01/2021 14:00** (hora peninsular española)

Centros de I+D: **17/12/2020-28/01/2021 14:00** (hora peninsular española)

DESCRICIÓN:

As axudas **Juan de la Cierva-formación** teñen como obxectivo fomentar a contratación laboral, por parte de organismos de investigación ou centros de I+D españois, de xóvenes en posesión do grao de doutor por un periodo de dous anos con obxecto de que os mesmos completen a súa formación investigadora posdoutoral en centros de I+D españois distintos a aqueles nos que realizaron a súa formación predoutoral. As persoas participantes deben cumprir o requisito de posuír o título de doutor e habelo obtido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2020 para a quenda de acceso xeral e para a quenda de FJC-INIA-CCAA e entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2020 para a quenda de acceso de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, excepto se acreditan unha causa de interrupción conforme á convocatoria

As solicitudes de participación preséntanas os centros de I+D incluíndo nelas ás persoas participantes para a súa incorporación aos equipos de investigación. A selección fundaméntase nun proceso de concorrencia competitiva en base a os seus méritos curriculares e no historial científico-técnico do equipo de investigación no que se queren integrar, dando especial relevancia aos méritos relativos ao investigador ou investigadora tutor/a.

BENEFICIARIOS:

Organismos públicos de investigación definidos no artigo 47 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, Universidades públicas, os seus institutos universitarios, e universidades privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D+i, de acordo co previsto na Lei Orgánica 6/2001. Entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co Sistema Nacional de Salud. Institutos de investigación sanitaria acreditados conforme ao establecido no Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño. Centros Tecnolóxicos de ámbito estatal e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal que estean inscritos no rexistro de centros creado polo Real Decreto 2093/2008. Outros centros públicos de I+D con personalidade xurídica propia que teñan a I+D+i como actividade principal. Centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan a I+D+i como actividade principal. Centros de I+D aos que se refire a disposición adicional decimocuarta da Lei 14/2011, de 1 de xuño.